DIÁLOGOS CON ROSALÍA

DISCURSO[1] LIDO
O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 1996,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

LUZ POZO GARZA

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS ALONSO MONTERO

[1] Texto tirado do mecanoscrito orixinal depositado no Arquivo da Real Academia Galega.

DISCURSO

DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

LUZ POZO GARZA

EXORDIO

Excmo. Sr. Presidente,

Señores Académicos:

Ninguén poderá dubidar de que este é un momento trascendental na miña vida. Frente da vosa xenerosidade elexíndome Académica Numeraria da Real Academia Galega, tomo eu conciencia da miña pouquidade. Repaso mentalmente a miña obra e vexo, na súa cativeza, tan só unha decidida vontade de servir a Galicia por amor.

Na miña traxectoria escrita, ben sei que contemplaríades con maior interese o meu tempo de dedicación (sempre digo que conto a miña vida por "anos-Luz") que non os pequeneiros resultados. Dunha cousa, si, pódome gabar: dunha vocación permanente da palabra poética, sobre todo cando me foi revelada en toda a súa fermosura e paixón a verba primordial da nosa fala, que enche de saudade e beatitude a alma. Aqueles cantos do meu pobo na infancia. Aquelas glosas rosalianas das campás de Bastabales e de cómo chovía miudiño por beiras aínda descoñecidas e para min xa entrañables deixabanme a alma anegada de saudade nun estado entre felicidade e dor coma ferida incurable. Coma un doce cauterio que os nenos poden experimentar aínda máis cos adultos, pois a inefabilidade dos sentimentos é máis acusada na infancia. E así todo se fixo alma para sempre.

Hai un punto ineludible na miña elección: son muller. Aquí hai só un ilustre precedente, o da Académica Olga Gallego, que ademáis consagra o seu saber indelegable ó ritual dun arquivo moi valioso. Noutrora estivo a piques de pertencer a esta docta corporación a escritora electa Francisca Herrera, pero infortunadamente faleceu sen chegar a tomar posesión da Cadeira que lle estaba destinada. Tiña eu medo perante estes días de correr a mesma sorte: o que sentiría na alma -nunca mellor sexa dito-.

Sinto agora unha grande ledicia por estar entre vós. Foi isto unha sorpresa que non imaxinara na miña vida. E penso que esta pode ser unha data clave para a elección de novas académicas entre tantas espléndidas escritoras galegas con meirandes merecementos ca min.

Na emoción da miña toma de posesión como Académica, do sillón da Letra U (a vocal do meu nome ¿hai algo casual?), que non fai moito ocupara o falecido Académico

don Xosé Trapero Pardo, é de rigor, e de lei que lle adique unhas palabras de recordo que, aínda pálidas, nos acheguen unha sombra do seu valer e bonhomía:

Don Xosé Trapero nacera, de pai segoviano e nai castrexa, na Terra Cha, na vila de Castro Ribeiras de Lea, en 1900. Falece en Lugo en 1995. Neste dilatado espacio vital, a súa actividade prodixiosa permítelle levar a término unha ampla labor xornalística que da comezo en Mondoñedo en 1925 como redactor xefe e director dos semanarios *Justicia y Renovación* e *Acción Social.*

En 1930 funda o xornal *Vallibria*, de amplo criterio, que foi a canle doada para escritores entón moi novos, Alvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, pero recoñecidos como moi prometedores. Colaboraron tamén Noriega Varela, xa poeta famoso; Aquilino Iglesia Alvariño, José Díaz Jácome, Francisco Leal Insua e outros...

Trapero Pardo pasa adolescencia e xuventude no Seminario de Mondoñedo. Estudia con excelente aplicación desde os catorce anos ata rematar os estudios eclesiásticos, pero non quixo ordenarse de sacerdote. Foi moi apreciado naquel recollido ámbito. Sábese que perante o curso 1924-25 vivía no Palacio Episcopal e que, no seu tempo, rexeitou a proposta de finalizar en Roma a carreira eclesiástica, que xa non pensaba exercer. Como anécdota circulan as declaracións do propio Trapero -mitade fábula, mitade humorada- para xustificar aquela fuxida do sacerdocio: tiña medo das igrexas nocturnas, isoladas da aldea, preto do cemiterio. Medo ás corredoiras fúnebres e ás cousas que se deron de aparecidos, segundo lle contaban de neno pola Terra Cha.

Hai tamén un dato curioso: foi mestre de Latín de Cunqueiro, do que exalta o inxenio e a memoria prodixiosa capaz de memorizar un longo texto latino denantes do seu significado.

A súa dedicación ó xornalismo en Mondoñedo e Lugo foi intensísima, sen impedimento para abordar novas experiencias informativas: radio, televisión. Foi atraído incansablemente cara a todos os eidos da cultura: poesía, *Lóstregos e moxenas.* Unha lenda histórica: *O Mariscal Pardo de Cela*, *El Santuario de los Remedios*, *Pintura mural gallega*, *Estudio y notas sobre "El Caballero de las botas azules"*, *de Rosalía de Castro.* Teatro: "*Non chores, Sabeliña"*. Diversos traballos sobre Lugo e a súa provincia: arqueoloxía, arte, turismo, etc... A súa actividade foi imparable.

Dirixíu os xornais: "La Voz de la Verdad"; "El progreso", de Lugo; "El Heraldo de Vivero" o "Boletín del Ayuntamiento de Lugo"; a revista "Lucus"... Foi cofundador

e presidente da Asociación Provincial de *Amigos de los Castillos.* Foi cronista oficial e desempeñou outros moitos cargos directivos.

Pero a creación do personaxe “Pelúdez” foi o que lle proporciona a Trapero Pardo a meirande sona. Pelúdez, paisano de paradisíaca incultura, participa como protagonista na algarexada das Festas de San Froilán en Lugo. Despois aparece en libro: *Pelúdez dixo.* Este personaxe, co seu humor retranqueiro e paizoco, entra de cheo na audiencia popular e na conciencia enxebre que o idealiza. A el se dirixe o poeta Manuel María nun soneto que comenza:

Meu querido PELÚDEZ, bon amigo
luguesa frol de monte e de lameiro
freixo frondoso, nobre castiñeiro,
mistura de bon millo e de pantrigo...

Foron proverbiais o compañeirismo e a xenerosidade de Xosé Trapero Pardo.

Unha camelia agora sobre a liña indecisa
entre a vida e a morte

1. *Unha camelia agora*
despois outra camelia
coma os pasos dun fillo

Un naufraxio maior devólvenos o pranto
desde o inicio das aves

A camelia virada
para despois da vida

2. *Unha lágrima agora*
despois outras ausencias
no país da invernía que coñeceu a fame

Unha conversa chega coma un salmo

A camelia fechada
para despois da morte

3. *Camiñamos por riba da indecisión das formas*
que non che neguen nunca a lucidez da flor

PÓRTICO

Pasan anxos de neve e figuras de luz
por enriba dos soños e nós estamos cegos
e pasa un río amado coma a vida

Algunha vez te ensumes -pásame con frecuencia-
na propia sintonía do corazón
e soñas con paxaros e con fontes
que foron onte fábula da infancia

E ves partir as aves que amábamos de nenos
ó declinar da tarde
cando arelamos algo

Ha ser nese momento cando se expande a alma
nas ondas primordiais que conforman a vida
E un sopro silencioso delgadísimo insomne
vennos rozar as pálpebras

E tal vez pasa un anxo
investido de gracia e transparencia
por diante dos ollos e nós non vemos nada

E se por riba do portento
podemos contemplar a frescura e duración dun río amado
no que queda de nós
e o que se leva a vida
imos feridos polo amor e ausencia

Contemplamos a forma confiada do río
a andaina transparente e indefensa
a flor azul das augas
naquel gravidade e increible lisura
a se perder na tarde dalgún xardín de inverno

E o corazón non pode soportar
a beleza do mundo -ese milagre-
se vive en soidade
e está ferido pola ausencia e a morte

E afástase das horas
a contraluz do río da existencia
nunha anticipación da eternidade

FALANDO A ROSALÍA

FALANDO A ROSALÍA

A veta humana de Rosalía dásenos nunha páxina aberta como testemuño de urxencia. Pasan as follas novas, vellas, de sempre, dos seus días, en forma de documento, de dor humano e de vacío existencial. Fala Rosalía mentres pasa pola vida. Coma nun lenzo escuro vai deixando preguntas sobre a soidade humana, sobre o sentido da existencia.

Na ausencia de certezas, entra Rosalía no misterio. As preguntas van directas a alma, ó pensamento, ó espírito -"¿Por qué, miña almiña,/ por qué ora non queres/ o que antes querías?"-. Pero non hai resposta. E pensa Rosalía que non sabemos nada. Que o home anda as apalpadas por camiños incertos...

Eu vexo a Rosalía como unha dorna trasnoitada, sen vela, desvelada, contra un vento rachado polas costas da morte. Pero ela resiste o temporal. Ela resiste o embate porque é lucida e porfía. E xa se sabe, sábeno moi ben os mariñeiros, que "o vento que corre, muda o catavento pero non a torre".

A vida foille breve a Rosalía. Deixou Galicia e fillos. Deixou patria e patriarca. Un bosque de camelias. Poetas que lle cantaron Nenias despois de morta. Uns querían despertala co bruido do vento: "Erguete, miña armada,/ porque o ento muxe coma unha vaca". Outros vírona na solaina do pazo chamando polos náufragos. No meu caso, quizais mover os labios e conversar nun diálogo "Falando a Rosalía".

FALANDO A ROSALÍA

Á miña filla Luz

Coma a páxina aberta dalgún libro suspenso na memoria
en forma de pregunta
a verba limpa no adensar da vida
ven poñer unha liña transcrita en lenzo escuro
falando a Rosalía.

Cando ignoramos
a razón que traspasa os límites do tempo
e a ausencia de certezas deixa nas mans contactos
de door e de morte
e non sabemos nada nada nada
cando os ollos se pechan nun crepúsculo opaco
fálolle a Rosalía:

porque foras noutrora
unha forma de nave navegando entre sombras
onde unha vela moura inútil coma un pano
anda a batir cos hálitos rachados
da condición humana
e chegas irradiando as tebras máis propicias
a sílaba evidente
a única tentativa de falar desde a nada
desde a volta escondida dunha Fisterra en sombras
no destino da raza nosa
nosa

Unha tarde acadabas nun bosque de camelias
a derradeira voce no vestixio dun soño -entraba o inverno-
era un laio perdido sobre da patria
un río sen orelas, duro, inmisericorde,
unha escura ameaza coma un arpa de cinza
tristísima
en penumbra onde permanecías

Sábese que pediras
no corredor do pazo onde cercan as sombras
que abriran as fiestras:
¡Ai mares imposibles reclinados na alma!
E a palabra truncada que aínda non foi dita
pero que pecha os labios
ten resonancias límpidas
falando a Rosalía.

Fai tempo que fixeras a renuncia implacable
do amor
a pedra
a chuvia
campás de Bastabales -entraba a morte-
vai en longos silencios esvaíño esvaíño,
a barca polo río sen recordar as formas
para esquencer a vida.
Para morrer
abonda un cadaleito e unha saba branca...

Ven do espacio que habitas
na terra socavada onde a forza escura
se fai propicia ó pranto.
A luz decrece e fire nun destino sen craros:
compre ollar unha patria
na extensión certa aberta circundada
pola fala inicial -entraba o norte-
cecáis mover os labios ou silenciar as sílabas na páxina
pechada dalgún libro en forma de pregunta
falando a Rosalía.

(En *Coroa Poética para Rosalía de Castro*; edición de Xesús Alonso Montero, Vigo, 1985).

VERBAS A ROSALÍA

VERBAS A ROSALÍA

Hai anos que lle veño falar a Rosalía nun diálogo que semella monólogo. Foron primeiro “Verbas a Rosalía”. Chameina por antítese “olvido” e “arelanza”. Chameina “libertade” e “compaña dos nosos”. Foi entón cando eu louvaba os tempos do infortunio que fixeron posible aquela voz ferida: a orfandade, o misterio. Aquel cravo de ferro ou de amor. Puxen entre dous seixos a breve biografía: unha pedriña branca para o seu nacemento. Unha pedra piadosa para a morte. E puxen unha cruz mentres chovía en Adina e vagaba unha sombra familiar en desamparo...

Campanas de Bastabales
tocade por Rosalía

Tocade...

Que vai de dolor ferida
por un agoiro de mágoas
Sen arrimo. Sen adaxe

Soade...

E aínda antes, nas miñas palabras que chamei “derradeiras”, unha sombra branca, con susurro de morte como gasa sedante, vaise achegando lenemente. Será a miña compaña mentras agardo o diagnóstico médico:

ben sei
que estás á miña beira
presíntote
sombra que non me asombras
xunto á morna almofada
adormecendo
abro os ollos
e nada
mais ti ficas aquí
ouh miña amiga
podes bicarme na meixela
sonche como unha nena
[...]

achega branca sombra
sobre desta almofada
acouga non te alonxes
é tan tarde
e vai frío
achega
a man/ a man
tan lene

(*Verbas derradeiras*, 1974).

Eu vía a morte coma unha Sombra Branca, moi branca, mesmo transparente. Coma unha cousa amante "que vive e que non se ve". Que chega sen avisar e que nos envolve coma unha derradeira nai que acouga sen palabras: Imos de nai a nai pola liña da vida.

O DIÁLOGO COA NAI

O DIÁLOGO COA NAI

Un diálogo é unha conversa. Fala a alma consigo mesmo en Platón para interpretar o pensamento. Agora conversamos dúas mulleres galegas nun diálogo, que é un acontecemento de libertade dos suxeitos. Rosalía fala e eu respondo. Ás veces van as voces ó unísono en amor e desvelo cando pregunto:

¿Non me ves desvelada
sobor da terra moura
sobor da terra núa?
Se ollas a miña alma
ollas tamén Galicia.

¿Qué sorte
norte
morte
nos agarda?

Pero desde o primeiro, hai que gardar distancias entre ela e min. Entre a súa estatura e a miña cativeza. Porque eu son só unha amiga. Aprendiza de todo. Principiante na vida que estou por aprender. E preciso de arrimo. Dunha imaxe clemente que me guíe. Da tenrura galaica daquela miña nai que me deu agarimo e as palabras do rezo. As oracións primeiras que gardo aquí indelebles en diferentes falas. Preciso arrimo tamén de Rosalía que naquela elexía que titulara, *"A mi madre"*, desveladora en todos os sentidos, arela morrer con ela cando escribe:

Mas cuando muere una madre
único amor que hay aquí.
¡Ay! cuando una madre muere,
un hijo debe morir.

E a miña nai, que perdeu a súa sendo nena, remataba sentenciosamente un longo poema de meniña orfa así: "As nais nunca morren/ nin se esquecen nunca/ se deixan na terra/ algún fillo bon".

A este diálogo de orfandade e desamparo asistía eu conmovida na miña infancia. E sen pretendelo vislumbrei as liñas afectivas dun parentesco entre aquelas dúas figuras que me envolvían con ternura e poesía. Por todo iso, e máis, ando á beira de Rosalía para que nos salve do "naufraxio vital" (García Sabell) cando lle digo: "ti me levas da man/ á procura da táboa/ nosa".

A FALA SIBILINA

Eu, nese tempo, do meu *Concerto de Outono* vexo a Rosalía camiñar desacougada por un labirinto sen fin. Todo na vida de Rosalía semella conxectura: nacemento, fillos, relacións, espacio desacougado aínda despois da morte... As liñas dos seus vieiros interiores son enigmáticas. Van do segredo ó misterio. O fío de Ariadna, que ela manexa para encontrar a saída do labirinto, é o novelo da dúbida. Ela inquire, pregunta e fala sibilinamente por alusións e símbolos, por exercicios de velar e desvelar emocións sen aclarar as causas. E faino coa teimuda actividade de conciliar opostos nunha única mágoa existencial.

Pero no fondo desa linguaxe sibilina late unha grandísima sabedoría innata da que Rosalía é consciente aínda que se complaza na súa dúbida.

Afianzámonos nas nosas verdades pero non cremos nelas. Pero sabemos que son certas. Rosalía deixou un oráculo vivo. As sibilas presocráticas eran virxes, apaixoadas e tristísimas. Algunha chegou a ser tan vella, segundo Virxilio, que do seu ser material non quedou máis ca voz. Rosalía foi nai porque era muller e estaba consagrada á vida. Foi tamén extremadamente apaixoada e tristísima e a súa voz ha ser eterna. Ela deixou escrito un vívido oráculo conxectural do ser no tempo e da súa terra onde xermola a virtualidade da patria. Por iso pedíalle eu noutrora que concilie bonanzas e destino: "Noitébrega sibila/ acórdanos o fado/ desta terra".

PERCUSIÓN DA PAISAXE

Ás poetas galegas sempre nos foi propicia Rosalía nunha ollada crespuscular. A ela miramos sen distinguir o día da noite, o outono da primavera, a estación das chuvias do abrollar da primeira rosa. Para entrever as aves da alegría no revoar interiorizado dos

paxaros medoñentos. Rosalía é a nosa *precondición*, que diría Jung. Dela herdamos o misterio da vida e acudimos a ela para facela partícipe das nosas confidencias. Aqueles ríos, fontes e regatos pequenos que se fixeron alma en Rosalía, poñen resonancias entrañables no noso ser e nel repercute a súa saudade. Resonancia e repercusión son as dúas formas de duplicación fenomenolóxica en que nos chega a imaxe poética, segundo Gaston Bachelard. A resonancia implica o espírito. A repercusión invade a alma que se fai creativa e, no meu caso, busca a Rosalía como confidente nun diálogo antigo que non remata. Ríos primordiais dos montes do Courel, fontes de fábula, regatos que se achegan ás mans sufridas da muller da montaña. "Miña terra fermosa/ anda entre ríos desatada", ensoñaba o poeta Eduardo Moreiras, namorado daquela serra. E Uxío Novoneyra ten conciencia da nosa cativeza humana naquela inmensidade das neboentas lonxanías:

¡Courel dos tesos cumes que ollas de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

Pero o meu vello poema do Caurel adicado a Rosalía, é máis simple e leva de seu unha arelanza de achegamento, unha toma de conciencia con ese reino da nosa Galicia oriental, misteriosa e arcaica, bébeda de espacios "nun grolo de luz viva", beixo a beixo. Montes imbricados nunha aperta en rocha pura para dar principio ó mundo:

Rosalía
quen me dera
ter nacido nunha aldea
do Caurel
a medir aquelas cumes pura liña
puro amor
solsticio do meu inverno
cun ramallo da tardiña
cun fío desvencellado
tirado da alma inxel
medida do meu salaio.

Quen me dera, Rosalía
beirear a lonxanía
rocha pura
bébeda no leixamento da lentura

no tempo desaxeitado
nun infindo desleigado
e virar voltar volver
beber o Lor
puro laio
bico a bico
beixo a beixo
buxo a buxo
labio a labio
a beber a beberaxe
beizo a beizo
laxe a laxe
da paisaxe
do Caurel.

Recordamos o poema de Rilke: “A nosa vida pasa alí con transmutación”. Eu sentín neste reino intacto do Caurel unha inmensa felicidade, vivida en humana limitación. Isto penso eu que é a SAUDADE: estar entre ser ou non ser. Entre finitude e infinitude. E sentir como a alma vibra na soidade existencial.

CONFIDENCIAS A ROSALÍA

CONFIDENCIAS A ROSALÍA

Antes dos sete anos, aínda no meu Ribadeo natal, na apacible velada despois da cea, lía o pai a Rosalía. A mamai sabía de corrido as palabras da Sombra e a inquedanza do espírito na beira do Sar. Eu vislumbraba un mundo de misterios e mágoas que me poñía medo ou que me alporizaba de amor e de saudade. Víñame unha corrente sutilísima, anterga, que me unía á orixe das cousas inefables que aínda non tiñan nome nin valores sensibles. Eu escoitaba as verbas da súa escrita e o mundo íbase abrindo a arelas infinitas, inmensidades últimas, a un ensoño coma antes de ter nacido. E así quedei ferida.

Xa descubrira o mundo en derredor de min: as árbores, as pedras, os animais domésticos, os paxaros, as lilas que viñan dunha horta en veciñanza, un prado inmenso de altas herbas. Naquel paraíso oreado de brisas e de pombas, un riacho inocente coma recén creado, onde lavar os panos das bonecas semellaba o máis alto destino.

Despois estaba o mar da ría cántabra. Aquel olor de marusía. Aquel cheiro de praias descubertas, de algas mariñas e moluscos. Aquelas ondas primixenias para nacer da escuma que dá a inmortalidade... Pero alí estaban as veladas de despois de cear onde a alma se enchía da imaxe do misterio.

Eu era unha meniña
que escoitaba na noite o fluir do silencio
nas paredes nas tempas
e no medo das sombras

E baixaba de día na ingravidez da idade
á praia dos domingos
cunhas sandalias novas de cor azul celeste.
Iban chegando as ondas
e deixaban sargazos misteriosos
algas de vexiguiñas
Fíos de prata longos
Filamentos sensibles
E salitre nas mans e pola area
os despoxos quizais dalgún naufraxio
no mar maior...

Eu entón non sabía o que morre de nós

e o que queda á deriva

Pero escoitaba

as verbas da túa escrita

cando virabas cara ó mar da morte

O esquezo o puro olvido nas ondas da existencia

emblema dos naufraxios.

Soletreaba eu aínda o meu nome
de párvula e sabía desa existencia túa
xa ensumida
nos avatares dunha sombra.

Demoraba nun parque de eucaliptos
na vila tan amada -Ribadeo-
e souben do regreso daquela sombra ambigua
expresada nos astros
E sabía dun corazón oculto
no manto dos ocasos e as camelias
sabía das vivencias escritas
coma follas que murchan sen remedio
nunha tarde letal
perdida nas estancias do outono
nas orelas do Sar sempre de cara á morte

Eu era aquela nena
que medraba na mariña lucense
absorta entre dous ríos benamados
o leste dun Edén aprendendo as estrelas

E as aves estreaban círculos ilexibles
nun ceo sen retorno
que iba a ser para sempre a imaxe dunha patria
Era un ceo limpísimo
neste espacio extremado das Fisterras
Era un xardín aberto xusto na nordesía
Na seducción da luz

E foron os dous ríos benamados -o LANDROVE e o EO-
os límites da vida coma unha flor de neve
que ninguén soupo rescatar

Alí aprendín de noite o lugar das estrelas
E a nomear nun mapa unha por unha as Pléiades
polos nomes celestes
E serían no exilio a través das fiestras
a imaxe do ideal
naquela soidade adolescente confundida na guerra

Eu tiña o pano branco
das vainicas do tedio
e unha pizarra nova para contar os días

O imprescindible canamazo de cuadrícula exacta
para bordar as iniciais da primavera
E unha pinga de sangue
viría revelarse como augurio no lenzo
Acaso a predecir as bandeiras vermellas
e os desnortados estandartes da guerra
que preceden á morte

Así caeu aquel irmán mesmo na adolescencia:
Fun bordando a proclama letra a letra no liño
Bordei primeiro o nome
Logo unha cruz de neve
e por último a flor de nomeolvides

E un sumario preciso coma un pranto
que as veces medra coma medra un río
polos mortos da guerra
que non deron os partes nin figuran nos censos

Así foi quen levaba unha rosa na boca
de sangue febre e pranto
tal unha escarapela tricolor recibida en herdanza
xa amurchada e perdida
E era un soldado raso moi noviño
vencido do lado da victoria

A FÁBULA DA VIDA

A FÁBULA DA VIDA

En Rosalía todo é misterio e conxectura, secreto e ocultación. ¿Onde naceu? ¿Santiago?, ¿Padrón?, ¿algunha aldea lonxe de Santiago?. As circunstancias dramáticas xa sabemos: “Filla de pais incógnitos”. “Non pasou a inclusa porque a levou a madriña”. ¿Cal é a data exacta do seu nacemento? ¿Por qué no rexistro do bautismo na capela do Hospital Real de Santiago -hoxe Hostal dos Reis Católicos- do día 23 de febreiro de 1837 consta que no 24 de febreiro de 1836 foi bautizada co nome de María Rosalía Rita polo mesmo cura que redacta a certificación? Eu pregunto: ¿Cómo é posible unha tal confusión do día e do ano? ¿Non tería nacido Rosalía efectivamente un ano antes? (Básome en datos recollidos polo profesor Guerra da Cal: *Rosalía de Castro, Antología Poética*, 1985).

Intríganos a verdadeira identidade da madriña, María Francisca Martínez. ¿Era criada da nai ou actuaba por encargo do pai? ¿Cánto tempo vivíu Rosalía en Lestedo? ¿E en Ortoño?. ¿Cal foi a súa vida oculta?. ¿Qué relación tería co pai?. ¿Sería o pai o seu mestre?. ¿Visitaríaa a nai?. ¿Cándo pasou a vivir con ela?. O eminente doutor Varela de Montes, levando a neófita a bautizar baixo a capa ¿non pon en marcha un plan secreto, mesmo un folletín decimonónico, que nin a propia Rosalía chegou a asimilar?

Na elexía “A mi madre”, Rosalía exalta a figura amada e chora pola súa ausencia. Logo, vai prolongando o recordo da nai que se lle aparece nun soño falando desde o sepulcro: ¡Y qué terror... qué quebranto/ aquel eco me causaba!”... exclama Rosalía. E despois escribe estes versos estremecedores, nos que calquera analista acharía moito de reconvención:

Aún en sueños, tan sombría
la contemplé en su ternura,
que el alma, con saña dura,
la amaba y la repelía.

Moi elocuente deste rechazo inconsciente -velado polo amor- pode ser a denuncia indirecta que deixa Rosalía en *La hija del mar*. Teresa (leva o nome da nai) “la expósita” (recórdanos o drama persoal da autora) queda así retratada (xa sinalado polo profesor Dionisio Gamallo Fierros):

La pobre niña había adquirido desde sus primeros años cierta apartada reserva para con los que la rodeaban, que rayaba ya en severidad y algunas veces en fiereza: triste efecto de una vida solitaria y errante, como los vientos de aquellas comarcas.

Hija de un momento de perdición, su madre no tuvo ni siquiera para santificar su yerro aquel amor con que una madre desdichada hace respetar su desgracia ante todas las miradas, desde las más púdicas hasta las más hipócritas.

Hija del amor, tal vez apenas la luz del día iluminó sus inocentes mejillas fué depositada en una de esas benditas casas en donde la caridad ajena puede darle la vida; pero de seguro no le dará una madre. Así fué que las únicas caricias que halagaron la existencia de aquella criatura fueron las de un marido que le abandonó en medio de sus sueños de ángel, cuando empezaba a comprender que la vida tiene más encantos que la soledad de los bosques y el canto de los pájaros en una mañana de primavera.

Aquel bautizo semiclandestino da nosa grande poeta parécenos hoxe moi cruel. Aquela complicidade entre a conciencia familiar e social significaba un pacto a todas luces deshonesto que, necesariamente, daría resultados ben nocivos. Eu vexoo así:

Inscripción da meniña Rosalía
as dúas da mañá do 24 de Febreiro
no Hospital Real de Santiago de Compostela

Eran as horas clandestinas dun madrugado
desconcerto
Iban medrando sombras mestas
Iba quedando un rastro escuro
e unha conciencia dividida

E chovía. Chovía

Chovía en desamparo
Chovía en desespero
Chovía sucesivo en Compostela
Chovía mesmo cómplice do pranto

As camelias morrían dunha dor cenital na Ferradura
Por lousas e vitrales
chovía desleigado coma tedio
Mesmo na escalinata onde se labra a noite
Onde se pule o tempo coma a prata

Chovía prematuro nunha memoria lúcida
que escribía o teu nome nas pedras desveladas

Así, pola potestade que me confire a poesía, renovo agora para Rosalía un sacramento de lume, de fonte, de sal, de aurora, de Rosa e de silencio que imprima carácter:

Filla de incógnitos silencios
con este lume te bautizo

Con este nome de gozosas tristuras
bautízote
para que teñas ser de fonte
e memoria de sal

Para que o xuramento
demore na incerteza

Para que se iluminen
sen feridas
as desmemorias que procuren a morte

Para que acades ser de aurora
Para que adquiras unha forma de lume
Para que asistas ó total desconcerto
da túa propia lenda

Porque tal vez
vivas na estancia palatina do silencio

Así
con este nome da Rosa nos labios...

E, tomando como referencia o libro, xa clásico, do profesor Xesús Alonso Montero sobre *Rosalía*, naquel entrañable capítulo no que conxectura sobre os primeiros anos da meniña orfa en Ortoño, acordei aquí esta escena onde a fábula queda dolorosamente rebasada polo drama humano:

A raíña da noite
nunha paisaxe humilde
a balbucir as palabras do reino

Raíña da noite
Raíña de nós preto dun pelouriño
escribindo cun dedo na sombra

Na terra miseirenta onde amurchan as rosas
ven de nacer un vagalume
Unha rula de cinza
Unha flor vulnerada
que non chegou a ver o día

Tiñas unha boneca de cabelos de lá
E unha flauta de millo para alindar ovellas
na fidelidade da pobreza

Dicías balbucindo as palabras da tribu:
inverno
pan
saudade

E en dúas linguas e ó unísono
-nas tardes ensumidas en chuvia e ventimperio-
unha palabra subversiva:
madre

Despois Rosalía teceu a tea da soidade radical. ¿Ou a tea do seu “ANIMUS” inconsciente que sinalou Rof Carballo?

A fábula asumía unha forma nostálxica
no misterio da vida coma un pano bordado

Tecías en penumbra a vida e a palabra
o fragmento dos soños cun fío sutilísimo
A fábula inconsciente dunha rosa ferida

A finitude

Virían reiseñores da banda dos anceios
Un vento vacilante e desvalido
achegaba a nostalxia dun feble paraíso
onde o amor se concentra

Os soños semellaban
panos de liño azul con bordados de neve

O fío era de chuvia magoada

A fábula asumía unha ferida lenta
Fonda. Escura. Incurable
No centro mesmo da existencia

Ata onde Rosalía moraba, chegaban escuras mensaxes moi dramáticas, signos de amargura, no tempo desleigado:

Chegaron isolados reiseñores
dunha rexión celeste e obstinada

Chegaron obstinados reiseñores
pola banda de pranto
Chegaba algún azul inútil
Algún olvido temeroso
Algunha imaxe léveda e transida

Foi así como o tempo
estaba a se facer sinuoso e moi trémulo
Chegaron desvariados reiseñores cara á morte

Acaso a luz batía contra os muros e as sombras
Acaso un morto lábil
Mesmo un fillo.

Rosalía tecía -tecía- na súa tea da alma. Toda misterio e lucidez: a chuvia polas rúas de Santiago era un pranto moi fondo que lle caía por dentro.

Dicía o poeta Hölderlin aquelas palabras tan repetidas entre nós: *"Ás veces pregúntome por qué haberá poetas en tempos menesterosos..."*

Estes serían -xa se sabe- os tempos de Rosalía, -a súa propia circunstancia-, que diría Ortega.

Así te ibas erguendo
labrada de ti mesma
conformada no manto das liñaxes antigas
que teceras no outono

Era unha veste memorable e lexítima para medir silente as
rúas de Santiago
e eran os tempos moi menesterosos
Era a existencia unha antinomia
entre o misterio e a lucencia
Era coma o murmurio dalgún río perdido
Era a noite cabal pero vidente

Era a aurora que cega
Coidabas que era a chuvia
e era un pranto moi débil fío a fío
que descendía coma unha flor, coma un soño calado

Sempre decindo adios e volvendo a cabeza
procurabas a liña azul do mar
no horizonte a deshora
Ou tal vez escoitabas esa música insomne
Que chegaba coa luz na Negra Sombra
Nunha clave secreta coma a vida
nas orelas do Sar

E por iso a escrita Rosaliana é talmente a propia sustancia vital transmutada en palabras:

Escribías as páxinas secretas
da fábula da vida
cun ramallo de lilas para a morte

Sabías que no inicio da noite
se revelan as almas do infortunio
-E o poñías nun libro-

E sabías da transgresión das horas
cando o tempo se anula
-E o poñías nun libro-

E sabías que o valeiro das almas
leva de seu a mágoa dunha fonte en penumbra
-E o poñías nun libro-

Acaso presentías
cando pechar os ollos cun ramallo de lilas
-E a morte escribe o libro-

Penso pois...

que en Rosalía -máis ca noutros poetas- a escrita foi para ela a revelación do ser na conciencia. E foi “CATARSIS” e mesmo quizais, unha auténtica terapia que pasou a ser unha gloria para Galicia. Ela *padeceu* xusto *no momento preciso.* Así o interpretaría o poeta Miguel González Garcés cando dixo nun poema: *“É necesario que algunha muller chore neste intre”*, pois penso que a muller indefinida que precisa chorar neste fermoso verso, quizáis leve, en latencia, un referente rosaliano claro no alicerce.

NEGRA SOMBRA

NEGRA SOMBRA

Dixen noutrora que a misteriosa *Negra Sombra* rosaliana é sen dúbida a peza simbólica máis coñecida e comentada de Rosalía. “A negrura -negación da cor- pon unha nota dramática no texto. A *sombra*, ausencia de luminosidade, ten moito que ver coa angustia humana. Os dous elementos conciliados, ou mellor, confabulados, producen efectos desacougantes -de acordo coa vivencia obsesiva que ocultan- en terca e pechada dialéctica co suxeito lírico”[2].

A vivencia negativa, non eliminada como recordo, tórnase obsesiva. Implica ós niveis espirituais e mesmo a sensibilidade e ó inconsciente. De aí que se presente coma imaxe sensible, visionaria: Negra Sombra. E que se mostre nunha actividade desacougada. Nun revoar inquedo e porfiado desde os recantos da intimidade (cabezales) ata os espacios siderais e cósmicos de onde chega a luz e a esperanza: sol, estrela, aurora. De aí que a Sombra invada as zonas máis puras da natureza próxima: a noite, o vento, o murmurio do río, e mesmo asuma coma propias, expresións dos sentimentos humanos (cantos, choros):

[2] L. Pozo Garza. Grial, 1987.

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando máxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres estrela que brila,
i eres vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

O seguinte poema reincide obsesivamente na teima da Negra Sombra. Aquí o suxeito lírico rosaliano tenta implicar como adiuvantes do seu desespero ós elementos da natureza, ás augas fondas do mar, á inmensidade alerta, á totalidade do cosmos:

¡Mar!, cas túas auguas sin fondo,
¡ceo!, ca túa imensidá,
o fantasma que me aterra
axudádeme a enterrar.

É máis grande que vós todos,
e que todos pode máis...;
cun pe posto onde brilan os astros,
e outro onde a cova me fan.

Impracabre, bulrón e sañudo,
diante de min sempre vai,
i amenaza perseguirme
hastra a mesma eternidá.

En *El primer loco*, Rosalía deixa unha interesante versión psicolóxica desta teima. Vai na confidencia que o protagonista, Luis, lle fai a Pedro polo remorso de conciencia que lle produce a morte da "Esmeralda". E fala así:

> *Enemigos diversos dieron en combatirme. En la sombra, en el sol, en el agua y en el viento los sentía siempre a mi lado, en lucha consigo mismo y conmigo. Imposible me era huir de su compañía*[3].

Non hai dúbida de que as sombras de diversa índole obsesionan a Rosalía. Pero as interpretacións do símbolo da Negra Sombra son tantas coma lectores. Que cadaquén aventure a súa hipótese -como dixo Domingo García Sabell. García Martí, biógrafo de Rosalía, relaciona a Negra Sombra coa Mariposa Negra del Pastor Díaz en canto ó desalento romántico. García-Sabell ve nela a "Conciencia existencial... que leva no seu miolo toda a negrura potencial da vida". O doutor Rof Carballo coincide coas conclusions de García-Sabell como "Nada Nadizante". Para Carballo Calero a Sombra é unha "mala lembranza" do fantasma que me aterra e da "memoria do pasado". Para Marina Mayoral, son vivencias de signo doloroso. Salvador de Madariaga ve na Negra Sombra o rechazo do estado sacerdotal paterno. Ou o recordo dos amores xuvenís co poeta Aurelio Aguirre. Dionisio Gamallo Fierros pensa que a Sombra alude á figura ensotanada do pai de Rosalía. José Luis Varela ve a Sombra coma unha proxección espiritual. Xesús Alonso Montero interpreta a Sombra coma unha vivencia negativa fantasmal que asalta a Rosalía mesmo nos momentos máis felices da súa vida.

Don Ramón Otero Pedrayo no poético drama *Rosalía* fai falar así ás Sombras cando ela iba morrer:

> *Non, non nos deixes. ¿Qué imos ser se ti nos deixas?*

En Otero Pedrayo as Sombras teñen entidade propia. Falan con Rosalía de ti a ti. Parolan desacougadas que han morrer co pasamento de Rosalía:

> *Ela non pode deixarnos... Por ela non temos morte por enteiro. Nas súas verbas tiñamos feito e voltabamos polos amados vieiros.*

---

[3] *Obras completas.* Aguilar, 1944, p. 844.
Resulta interesante comprobar como a desmesura espacial da Negra Sombra chega a un autor tan actual como Vicente Aleixandre en *Sombra del Paraíso*: quen pide ó poeta que apoie a cabeza na rocha, que os seus pés se acheguen ó poñente, as mans toquen a lúa e a cabeleira deixe unha estela nos astros ("El Poeta").

Só Rosalía sería quen de descubrir a identidade da propia *sombra* e se fose capaz de soportar esta evidencia, tería trascendido -segundo Jung- a lo menos o inconsciente persoal. Para este psicólogo, a *sombra* é unha parte vivente da personalidade e, daquela, reclama vivir dalgunha forma. Non se pode rexeitar nin esquivar impunemente a *sombra* sen poñer en perigo ó home total e, por riba, facerlle ver a súa impotencia e desamparo.

¿Non dá a impresión de que estas teorías junguianas, que tan ben se axustan á Negra Sombra, se matinaron diante da obra de Rosalía?

Eu vexo así a Rosalía asombrada -sobresaltada- en desacougo perpetuo, mentres se manifestaba nunha vida aparentemente normal de cara ás xentes...

E remato así un longo poema:

O asombro dunha sombra que fuxía
e tornaba no silencio dos pazos
onde se escribe a morte coma un eco

Sabemos que vivías vocación de saudade
no espacio miseirento onde se apaña o liño
E na vila enloitada por longos sobresaltos
te mostrabas no manto da limpa fidalguía
mesmo ó final da fábula dos tempos

Sábese que exercías a fala dos humildes
e sentabas nas pedras a parolar cos nenos
Pero había un augurio de existencias suicidas
cando pasan as aves desleigadas polas Torres de Oeste
na estación dos naufraxios
e non sabemos o que queda na alma e o que fuxe

Unha premonición coma unha negra sombra
longa coma un sudario
tornaba sen acougo mentres cerrabas os postigos

Semellaba fuxir
pero tornaba dos espacios
teimosos da conciencia
no murmullo do río que pasa coma a vida
ou na estrela que labra o seu destino
ou na aurora infinita
que lustra o desacougo dos espellos
Ou na noite sonámbula onde se escribe a morte

A NOITE ENCUBRIDORA

A NOITE ENCUBRIDORA

Coma Baudelaire, pensa Rosalía que a noite dá paz a algúns e a outros, desacougo. A dor rosaliana agudízase na noite, sen embargo dóese unha e outra vez de que “a luz insolente do día” interrumpa as súas mágoas no leito. Esta queixa, se ben é unha forma ilóxica de pensar, responde ó seu magoado sentir. Semella unha complacencia absurda este buscar as tebras “máis negras e fondas” que envolven de loito a súa alma en soidade. Pero xa sabemos que a noite éralle propicia ó esquecemento e á fuxida da curiosidade malsana das xentes. Nalgúns sectores daquela sociedade, as olladas escrutadoras levarían de seu murmuración e sorrisas malévolas que Rosalía coñecía moi ben.

Moi intenso debía de ser este sufrimento rosaliano que ela bifurca en dous suplicios: ou o enfrentamento radical, sen paliativos, coa sombra na soidade da alma nunha noite que nunca remata, ou entrar na luz radiante do día que ven descubrir secretos dolorosos moi ocultos. Se non é nas tebras da noite ¿onde iría ocultar a súa fonda mágoa que ela sinte coma unha afrenta as veces, outras coma remorso? Pregúntase Rosalía:

¿Adonde irei comigo? ¿Dónde me esconderei
que xa ninguén me vexa i eu non vexa a ninguén?

A luz do día asómbrame, pásmame á das estrelas,
y as olladas dos homes na ialma me penetran.

(Ela pensa que as xentes poden ler a afrenta na súa cara)

I é que o que levo dentro de min, penso que ó rostro
me sai, cal sai do mare ó cabo o corpo morto.

-Houbera, e que saíra!... mais non, dentro te levo,
¡fantasma pavoroso dos meus remordementos!

Baudelaire cando dialoga coa propia dor, semella coincidir con Rosalía, aínda que o poeta francés o faga desde unha tonalidade manierista moi requintada. Así mentres o sol agoniza, o poeta e a súa Dor escoitan coma enamorados a chegada da noite. Rosalía é máis discreta na confidencia. Ten a conciencia existencial moi acusada:

Cada noite eu chorando pensaba:
que esta noite tan grande non fora,
que durase..., e durase... antretanto
que a noite das penas
me envolve loitosa...

Mais a luz insolente do día,
constante e traidora,
cada amañecida
penetraba radiante de groria
hastra o leito donde eu me tendera
coas miñas congoxas.

Desde estonces busquéi as tiniebras
máis negras e fondas,
e busquéinas en vano, que sempre
tras da noite topaba ca aurora...
Só en min mesma buscando no oscuro
i entrando na sombra,
vin a noite que nunca se acaba
na miña alma soia.

Rosalía nesta fuxida cara ó interior da alma magoada vivíu ensumida na soidade ontolóxica do ser. Así consta nestas dolorosas confidencias de Follas Novas. Pero o acochar na sombra está en toda Rosalía. Na novela *Flavio*, a autora fai esta reflexión psicolóxica sobre o protagonista: "Parecía un criminal que buscaba las tinieblas en donde poder ocultarse...".

Así doulle a miña resposta de comprensión e solidariedade:

Procurabas as sombras
nunha noite que endexamais remata
a escuridade que aniquila a visión
e adormece a conciencia
mesmo esquencida da primeira rosa

E buscabas as tebras vagorosas e fondas
no corazón que se declara en rebeldía
Todo semella conspirar pola noite
para tramar o pacto do silencio
mesmo a folla asasina
pode ferir se cadra na lisura dos soños
a conciencia que vela
E unha racha de neve
pode bater acaso
coa persuasión da propia identidade

Aquela rosa da divina idade
quedou inmersa en lágrimas e sombras

A fuxida da relación coas xentes foi sempre unha constante en Rosalía. Ela percibía a mala intención. Intuía os malévolos comentarios. As olladas ó esguello.

Penso eu que o seguinte texto rosaliano, tan dramático, foi mal interpretado no seu contexto referencial. Coido eu que Rosalía chegou a deshora á súa casa presa de terror. Viría de recibir a revelación afrentosa da súa orixe "sacrílega" na súa crúa e patética certeza. Nada ten que ver, na miña opinión, ningún aspecto adulterino, como aventuran algúns críticos. As adversidades sufridas apartarían a Rosalía de calquera idilio amoroso, dos que dá a impresión de que estaba tan desapegada, polo menos neste poema.

Ladraban contra min que camiñaba
cásique sin alento,
sin poder co meu fondo pensamento
i a pezoña mortal que en min levaba.
I a xente que topaba,
ollándome a mantenta,
do meu dor sin igual i a miña afrenta,
traidora se mofaba.
I eso que nada máis que a adiviñaba.
"Si a souperan, ¡Dios mío!,
-pensei tembrando-, contra min volvera
a corrente do río".

Buscando o abrigo dos máis altos muros,
nos camiños desertos,
ensangrentando os pes nos seixos duros,
fun chegando ó lugar dos meus cariños,
maxinando espantada: "Os meus meniños
¿estarán xa despertos?

¡Ai, que ó verme chegar tan maltratada,
chorosa, sin alento e ensangrentada,
darán en se afrixir, malpocadiños,
por súa nai malfadada!

Pouco a pouco fun indo
i as escaleiras, con temor subindo,
co triste corazón sobresaltado.
¡Escoitei...! Nin as moscas rebulían.
No berce inda dos meus ánxeles dormían,
ca Virxen ao seu lado.

Neste contexto referencial das aldraxes e risadas feridoras, resulta moi interesante a interpretación de Otero Pedrayo no drama *Rosalía.* Vémola aquí como unha inocente rapaceta de doce ou trece anos, xa torturada polas burlas e ofensas das xentes malévolas: en Alvaro Anido hai un "reflexo malo de máscara burleira". As veciñas teñen "ollada de serpe" e son "alcuza de veneno". Pasan os rapaces coa súa teimuda mofa. E, o pior, están as palabras ben ordeadas e pezoñentas do Alcipreste, cheas de crueldade, inhumanas. Diante de tanta insidia, pregúntase unha e outra vez a rapaciña: "¿Onde me hei de acoubar?".

Hai, pois, en Don Ramón Otero Pedrayo, un discurso invectivo contra o entorno rosaliano que implica, en último término, ó vello pazo de A Retén. Rosalía querería fuxir coa nai dos lugares envenenados pola malquerencia e o pazo sería o obxecto máis próximo da súa carraxe:

> *Maldizoada sexas, cárcere, cadea con panforreo de señorío! Non quixera sufrir as friaxes das túas escaleiras, as nocas dos retratos de salón, o cheiro de morto do arquivo...*

Acerta Don Ramón. Pode ser que Rosalía aborreza o que ama. Sempre Rosalía a fuxir. Sempre Rosalía a soterrar as sombras. Vaia onde vaia revélaselle o desamparo inicial. Sempre malas intencións. Espellos cegos. Os espacios amados vacilan, desacougada Rosalía. Eu véxote así:

E abres unha fiestra nas orelas do Sar
e ves o mundo en sombra e desamparo.

Ibas despois cambiando as follas soterradas
os espacios amados e tristeiros
San Lourenzo. Santiago. O Pórtico da Gloria...
en verbas transmitidas en escuro.

E aquel terror ás xentes despiadadas...

Esa mensaxe en términos de figuras perdidas
e o tecido do lenzo que fas en soidade
son feitos de carencia
Espellos sen azougue
onde unha luz velada se fai mesta

E abres unha fiestra nas orelas do Sar
e ves o mundo en ordandade

Aludo agora -para rematar este capítulo- a aquel penosísimo lance narrado por Rosalía que tanta mágoa lle causara, co final feliz dos filliños no acougo dos soños.

Nunha mañá perdida quero escribir este suceso
da atribulada historia que recollo no libro
quero deixar os signos certos da amargura
entre os seixos e as voces que te aldraxan, Rosalía:

Era no tempo das afrentas
Ladraban contra ti que camiñabas cáseque sen alento
Tan ferida de pés
Tan ensumida
entre os seixos e as sombras
Tan mergullada na conciencia da mágoa

Unha chuvia recóndita expiraba ó teu paso
e chegaban as voces das xentes destemidas
Se tivesen certezas
volvían contra ti ríos nefandos e pelouros
Tiñas o corazón de veludo negrísimo
e as derradeiras sombras achegábanse ós muros
¿Velarían os fillos nas estancias do Pazo?
¿Chorarían insomnes pola nai?

Foi un mencer amargo de presaxios escuros
Foi un bater crecente coa existencia
Pedías desolada o agasallo da morte...
pero os fillos durmían
Pero os fillos durmían na inocencia dos soñor transparentes

Esta é, pois, a miña resposta solidaria coa mágoa que as xentes imprimiran no corazón de Rosalía.

XARDÍN DO PAZO

XARDÍN DO PAZO

Rosalía evoca con devoción e nostalxia o Pazo de A Retén, a casa solariega da familia materna. Esta nave xa moi afectada polo tempo, é para Rosalía un preclaro símbolo de grandeza arruinada. *Casa grande*, onde naceu a nai de Rosalía. Onde pensa a poeta que vaga a sombra materna na agarda da súa filla. Aquela casa grande, estaba rexida polo avó de Rosalía -"un santo/ venerable cabaleiro/ en tranquilo, nobre encanto".

Os pazos evocados por Rosalía pertencen a épocas felices da súa historia familiar. O seu declive é acaso deixar no ánimo un sentimento nostálxico, de connotacións manriquerias máis ca de signo decadente no sentido simbolista:

Risas, cantos, armonía
brandas músicas, contento,
festas, dansas, alegría,
se trocóu na triste e fría,
xorda vos do forte vento.

Nun poema admirable que enamorou a Dámaso Alonso, o poeta Luis Pimentel, -que amaba a Rosalía pero refugaba as súas sombras- contempla a Rosalía nun pazo enloitado en crespóns e evocacións de fillos prematuramente mortos. Nos recantos e nos corredores do pazo, "altares de silencio" e "flores de estameña". Ou sexa, ornamentación decadente como símbolo. Na solaina Rosalía entre viva e morta chama polos mortos e náufragos. O balcón, sempre cerrado entre follas secas e paxaros mortos. Afora, na auga en sombras do estanque, unhas mans, entremedias do ser e non ser, baixo unha feble lúa.

Xa teño dito que "o percorrido visionario que o suxeito autor emprende polas galerías do pazo rosaliano leva unha clara dirección de dentro a fóra, do interior ó exterior. Trátase pois dun itinerario, mesmo ritual, que se proxecta a través das sombras cara á luz", co anceio de refugar a sombras na existencia e na poesía.

Cando Rilke contempla en silencio os parques e os xardíns dos palacios, proxecta naqueles espacios a intimidade do propio ser. E alí, onde o espacio externo se fai mínimo, o tempo se reduce tamén ós ineludibles recantos do sentir.

Non se considera a arte como copia da realidade, senón como a súa transmutación libremente creadora a través da alma do artista. Proust vía nas rosas do

pintor Elstir unha nova variedade da familia das rosas. Otero Pedrayo, no seu drama-ensaio *Rosalía*, deixa que ela poña con medo o pé na escalinata do pazo e diga:

> *¡Se o pazo fora ilusión! ¿onde gardaría as súas cinzas? Pois todo sono foxe, como un lume, pero de todo sono fican cinzas, quizais as mellores con que se quentan as almas.*

Refírese don Ramón ás evocacións rosalianas do Pazo de A Retén que se fan no entrañable poema "Como chove miudiño". "O Palacio serio e grave" onde naceu a nai de Rosalía e onde aínda vaga a súa sombra "polos que quixo agardando". "Casa grande", reitera con amor Rosalía. Con amor e con orgullo de casta, recordando aquel "venerable cabaleiro" que foi o seu avó. Será esta a casa das dez ventanas, á que alude Otero Pedrayo hoxe en estado ruinoso. Cántas veces andaría Rosalía polas desaqueladas escalinatas do pazo, polos recantos medoñentos da capela, polos salóns onde hoxe mora un espírito tenebroso:

¡Casa grande, triste casa,
que de aquí tan soia miro,
parda, escura, triste masa!
¡Casa grande, pasa, pasa...!
¡Ti xa n'es más que un sospiro!

Na novela *Flavio*, Rosalía, sempre asumindo a propia soidade na nostalxia do pasado, fala así a través do protagonista:

> *En el palacio de Brendivan ya no había más que un reposo parecido al de las tumbas; el mismo viento pasaba entre los sauces de las corpulentas encinas; todo era soledad... ¡Soledad y siempre soledad!*

Sen embargo o parque do palacio da amada represéntase en *Flavio* nunha armónica perfección: sucesión de breves xardíns tras dos bosques de laranxos; un grande estanque beireado de tilos e flores silvestres; unha espaciosa escalinata que ascende a un alto mirador cuberto de enredadeiras.

Vemos aquí a imaxe dun palacio neoclásico en orde e perfección. Difiere, pois do que será a estética, delicadamente decadente, dos doentes pazos das Sonatas de Valle-Inclán.

Rosalía faise unha con Galicia. Nesto non é preciso insistir. Eu véxoa no xardín do Pazo nunha imaxe poética da Casa da Matanza en Padrón. ¡Padrón, Padrón! “A Padrón, ponliña verde” que ela tanto amou, preto do cemiterio de Adina. Hei vela naquel santuario onde finou a súa mágoa. Naquel balcón corrido, nunca aberto, de follas murchas e paxaros mortos na lembranza de Luis Pimentel. Polo corredor pasarían sombras e cousas que viven e non se ven, coma un presentimento.

Véxoa no entrañable horto familiar que ela coidaría. Ou apañando as margaridas para contar nos pétalos os días que lle quedaban de vida. Véxoa baixo da árbore de sombra protectora na fotografía con Murguía e os fillos, que non lle darían netos: Alexandra, Gala, Aura, Amara e Ovidio.

Xa ten dito Manuel María, nas súas *Notas* sobre a estética popular, que “A leira enmarcada polo valado remítenos á sacralidade da propiedade”. En efecto, nesta sacralidade vexo hoxe o xardín do Pazo rosaliano: O xardín crea un espacio privado, afectivo e máxico. Enchese de ledicia rural e de nostalxia. Faise intimidade en expansión moderada e doméstica. Hai alí animaliños fuxidíos e bichocos confiados. Nos muros e valados, mesmo desartellados, medra unha vexetación mínima nesa vida parietal que dá humildade á vista. Di o Murguía de Otero Pedrayo falando con Aurelio Aguirre: “Pode a beleza florecer nas fendas dunha parede mellor do que nun xardín de Italia”.

Neste meu Xardín do Pazo onde mora Rosalía, non hai flores requintadas. Hai plantas ventureiras de humilde atavio. Ás veces, ela naqueles impulsos súbitos, sería quen de esquecelas cando dicía:

Non coidarei xa os rosales
que teño seus, nin os pombos;
que sequen como eu me seco,
que morran como eu me morro.

Horas para vivir ou soñar. Tempo para parolar, para escribir, para amar. Tempo para ver medrar ós fillos. Para agardar a carta que se demora demasiado do pai que está lonxe. Tempo para arranxar as cousas cotiás e sinxelas: un lenzo a secar. Unha saba na solaina. Escribir nunha mesa de pedra o derradeiro poema que non se rematou. Un can que late teimudo na noite. Todo asaltado por lembranzas. As Torres de Oeste. Os fillos

mortos. A dor que traba tercamente o que queda do corpo. Unha sombra que pasa e que por fin acouga para sempre entre dúas nadas:

Coma nun lenzo escuro
unha palabra escrita conforma o desamparo

Non había gladiolos no teu horto
pero había -iso si- mirtos abandonados
e algún buxo sen follas
e unha palabra escrita na ausencia que nos fire

Na solaina puxeron a secar unha sábana
Ladraba un can afora

Coma nun lenzo escuro quedaba o teu legado
e unha forma de nave moi secreta
Escribías un verso que nunca rematabas
longo coma un sudario
E Bécquer expiraba nunha rima...

Deixara de cantar a cotovía no fondal daquel Pazo
e o corazón era unha hora perdida
e xentes enloitadas
conversaban na rúa dos recentes naufraxios

Iso vai na túa escrita
E tamén os augurios e os motivos da sombra

Toda vai definido na extrema biografía

Sobre estas matas murchas
terías que asumir a continxencia
que nos deixa arelantes cara a morte

Polos muros do pazo
penduraban couselos e fumaria
Un algo de vilanosde dentes de león
e frondas de fieitos...

Hai unha regandixa onde asoman os pequenos lagartos
a fuxidiza testa que se esquiva nas hedras

Paredes desconchadas polo tempo
deseñan sortilexios de nostalxia e angustia
en simbólicos trazos malferidos

¡Cómo aturar aquí os signos da saudade
o perfil decadente da historia familiar
a materia luída que se filtra no sangue para facerse alma!

Neste espacio das follas olvidadas
e as hortensias que murchan
nesta luz consumada
onde medran as herbas ventureiras
sentías o pesar da continxencia
nas horas desvalidas

Habería un malvís
unha mesa de pedra para escribir na tarde
habería violetas agachadas no olvido
e pasionarias místicas

Habería un malvís enriba do salgueiro
e follas novas
Non había oropéndolas
Moi preto do camelio descubro unha certeza
de afanosas formigas coma letras dun mínimo alfabeto
Unha mesa de pedra e un escano abatido
Aquí escribías

Non habería lilios nin gladiolos
Algún transido crisantemo
Algún espiño de roseiras
Humildes margaridas para esquencer o amor
Levarías acaso un libro sen abrir...
Acaso cabrifollos no muro que agoniza
Couselos pendurados da humidade da pedra
Acaso pasionarias
O misterio das horas
A demanda das xentes
As preguntas dos fillos

Aquí escribías

Había margaridas no xardín do teu pazo
e un amor tutelar como destino

Entregábanse as rulas ós aleiros do Pazo
non había glicinas
Pasaban as vacadas moi cedo cara ó monte
Peri ti xa escribías mollando a pluma en bágoas
Habería inda tebras nos ollos solprendidos
e unha inmensa piedade
no corazón aceso que gravita e sustenta

Había margaridas no xardín do teu Pazo
E dicías nun verso que falabas coas fontes
Unha muller petaba na porta cun meniño
"...escribo ¿para qué?
Volvédeme ó máis fondo da alma..."
Sabías que non hai máis ca amor ás criaturas
Non había gardenias
Non había glicinas
Mágoas quedan de sobra
O resto son palabras e palabras

Deixabas a túa escrita nas paredes do tempo
a xeito de memoria
coma unha rosa fría coma un prego

As veces esquencías o tránsito da lúa no crecente
e o proceso dos homes e dos astros
Gustabas de ser Rosa
Unicamente Rosa para cantos te amaban

Deixabas unha páxina en olvido
Un verso en sombra pura
Unha carta de amor non rematada nunha arqueta de ébano
Perdías alfinetes na alfombra de veludo
Ou deixabas avisos
nas feridas estancias do Pazo

No xardín cortarías as primeiras camelias do outono
por riba do valado onde se ofrece o líquen
Amabas as roseiras
O xardín sen gladiolos marcaba os lindes do silencio
¿Cómo te defender dos embates da sombra?
¿Da fisura latente na propia biografía?
pensamos que a memoria nos desvela a existencia
na débeda de amor e a primavera

Gustabas de ser Rosa
Entrabas en soidade coma nun templo amado
E poñías as mans nunha forma tristísima de prego
recomendando a alma
na obstinación da tarde que declina polo Ulla
coma unha letanía

Entregada ós dominios secretos da conciencia
pechabas as fiestras
cando as aves e a chuvia se confunden
no término das horas

E deixabas a escrita dunha Rosa nas paredes do tempo
nunha letra miuda que medra e que se ofrece

Dicía Rosalía:

“Ya no brota la hierba, ni florece el narciso
ni en los aires esparcen su fragancia los lirios...”

E eu respondo:

Está o xardín no tempo coma a palabra oculta
una illa de verdade
a reserva das aves para o outono
un templo de minucias consagradas

Aquí non hai delirios de palmeiras
aquí non hai guirlandas absolutas
nin corolas nupciales nas estacións celestes
nin o fulgor divino da ave do Paraíso

Hai iso sí gozosas madreselvas
defendendo a inocencia para sobrevivir

Pequenechos paxaros nos aleiros en sombra
que se achegan á man
Unha fonte suspensa na oscilación dos días
un rumor distendido coma unha harpa

Un lúdio silencio no tributo das aves
un xardín coma a vida

A existencia secreta dunha flor indivisa

MAR INSUMISO

MAR INSUMISO

Sábese de certo que Rosalía pasou os derradeiros anos da súa vida en Padrón. Nesta vila amada procuraba a paz e renovaría os anos da infancia xa coa nai. Fuxindo das rúas escuras de Santiago, das súas campás que pesaban tan dolorosamente sobre o seu espírito, as de Padrón son portadoras das máis doces lembranzas:

Elas foron as que tocaron
cando os meus alí naceron;
elas foron as que choraron,
elas foron as que dobraron
cando os meus abós morreron.

Pois ademáis, Padrón da barca de pedra leva na súa ascesis xacobea os símbolos do mar. A barca chegou pola ría de Arousa e "amarrou nunha ara romana adicada o deus do mar, Neptuno": (Felipe Senén). Otero Pedrayo, na *Guía de Galicia*, deixa a impronta dun emocionado asombro diante do fermosísimo país ullán, franqueado ó mar de Arousa. Este "xardín de Santiago" formou o espírito rosaliano na saudade dunha terra xa toda transida de soños atlánticos.

Rosalía, de noviña, segundo ela mesma relata, sentía a fascinación daquelas augas máxicas do Ulla:

> *seguía con la curiosa mirada la lancha que con la vela al viento cruzaba la ría hacia el mar. Todo lo recorría sin acertar a saciarme de tantas cosas sin nombre como deseaba y que mi espíritu iba buscando en el aire, en las flores, en el agua y en el espacio.*

Esta bisbarra incomparable do Ulla conxúgase no seu final -segundo Don Ramón- coas zonas da Mahía e a veiga do Sar onde florece esta antiga Iria Flavia. -Sí-: Aquí está vivo o espírito rosaliano...

Toda Rosalía está aquí. Aquí deixou a súa alma intacta, a infancia, a breve xuventude, os derradeiros anos da súa vida e, finalmente, na casa xa consagrada da Matanza -onde escribiría *En las orillas del Sar*- prodúcese o seu pasamento. Dá a impresión de que Rosalía, coma tantas xentes de Europa, leva no sangue ese impulso atlántico de cara ó mar, de peregrinar na súa procura nunha viaxe iniciática de cara á morte. "Quería ver el mar antes de morir" -recorda Murguía- "el mar que había sido

siempre en la Naturaleza su amor predilecto”. Esta arelanza levou a Rosalía a Carril coa súa familia, para aliviar a penosísima doencia e descansar á beira do mar ben pouco antes de morrer.

Se repasamos os textos rosalianos, atopámonos insistentemente co tema do mar. Dende “Muxía a das altas penas” semella ela contemplar lanchas e aparellos de festa das rapazas de toda Galicia. Sábese que Rosalía vivíu na súa mocedade esta romaría de Nosa Señora da Barca en compaña da irmá do poeta Pondal. Alí enfermaron as dúas rapazas. Rosalía sandou, pero Eduarda finou a consecuencia da mesma infección de tifus.

Tamén en *La hija del mar* as escenas marinas son o escenario adecuado da romántica acción. Ás veces descríbense dramáticas tempestades propias da costa da morte. Ás veces contémplase, segundo o estado de ánimo das protagonistas, un mar medio durmido e lánguido que extende a súa maxestade sobre a praia como símbolo vital daquela natureza erma e núa.

De signo contrario, as augas poden ser malvadas e tentadoras. Así as presenta Rosalía no poema “As Torres de Oeste”, en Catoira. Como antítesis da rapaciña de Mendiño, soíña na illa de San Simón, que teme morrer no mar maior, a protagonista do poema rosaliano sinte anceios de morte na súa radical soidade. No intento de suicidio, anúbraselle a vista e procura unha morte doce nas negras ondas. Ó final con humor negro, dícesenos que polos cabelos puido ser rescatada gracias a un mariñeiro. Otero Pedrayo no seu drama *Rosalía* toma moi polo miúdo esta pasaxe novelesca con grande emoción e tenrura:

O mariñeiro

> *¡Vaia, miña señora! Non foi nada. Repóñase. Un groliño de augardente. Voulle facer un lumiño aquí ó amparo destas pedras. Logo irei con vostede á miña chouza. ¡Carau, debía estar a auga ben fría! ¡Se non chego a pasar... Ninguén por esta hora boga na ría...*

O tema das augas é fundamental en Rosalía. Como símbolo pode levar carga positiva ou negativa. O estado de ánimo da autora imprime o signo preciso no contexto, que se enriquece nas alternativas dunha ampla e variadísima obra. Lembrámonos do patético poema rosaliano -suplemento da Negra Sombra- onde se lle pide con urxencia

axuda ó mar, para asolagar nas súas profundidades aquel sañudo fantasma que amenaza e aterra.

Lembrémonos tamén do poema das Torres de Oeste, tan dramático, que tanto lle deu que matinar a Otero Pedrayo. Selecciono estes fragmentos que condensan a acción do longo poema rosaliano:

***

"¡Ala vou" -lles dixen-
Dáime morte dose,
augas onde as penas
para sempre durmen..."
Saltei..., i a corrente
calada levoume.

¡Ouh, Torres de Oeste!
Malas tentadoras...

***

Que si aínda estou viva,
foi que un mariñeiro,
medio moribunda,
por estes cabelos
tróuxome das ondas
ó mundo en que peno.

E estas son as sentencias do mariñeiro no drama oteriano:

É moza aínda. É rexa... Os cabelos... Iso poida que fora a súa salvación. Os brazos procuraban a figuranza da cruz. Así dormen e morren os nenos ledos.

E unha vella sinte piedade:

Miña santiña, nestora dorme... Enxóitalle esa bagulla na meixela, que vén xente...

¿Qué procura Rosalía na auga? Advirte Jung que "A auga é o símbolo máis usual do *inconsciente*". E, certamente, o que mira no espello da auga, ve diante de todo

a súa propia imaxe. ¿Procura Rosalía no mar de Carril unha visión compendiada da morte?

Despois a decisión de embarcar en Carril
sobre as últimas ondas
fora o compendio da memoria
no retorno iniciático
cara á misión da morte
Era o mar a laguna propicia
para o paso á outra orela sen retorno
A despedida dunha forma de luz
que nos ata á badía
con ventos e cordaxes secretas

Tamén o corazón -ben o sabías-
vai ensumido en ondas e naufraxios
na derradeira viaxe con nós mesmos

Querías ver o mar antes da morte
procurabas no mar a infinitude
un vo de eternidade
lonxe do desamparo da imaxe primixenia
nos minifundios da alma

Buscabas o absoluto no mar coma un espello vacilante
naqueles días posiblemente exhaustos
Nas avenidas de alciprestes nunha mañá fluvial
mesmo gloriosa dun Domingo de Ramos
Na realidade aceda de Galicia
Talvez no nome dos teus fillos...

Ollabas nos retratos esvaídos dos mortos
Na persistencia da saudade
Nos altares do outono
Na chuvia polas tempas e a caluga

Para matar o tedio
botarías barquiños de papel no regueiro do Pazo
cun poema moi triste escrito en letra inglesa
Collerías amoras nas silveiras dos camiños poirentos
Ramallos de mimosas
cómplices do regreso azul dos días

Sairían da escola os nenos do infortunio
cun mandilón a raias
e as pizarras transgredidas de cuspe

Contemplabas os espellos sen azougue da existencia
Era o mar a ferida dun anceio infinito

Aquel mar insumiso e sempre meditado
achegádeme ó mar
abrir ventanas
no arrepío da morte hei ver as ondas

¿Era aquel o teu mar do final da existencia?
Un mar nunca esquencido e acaso recobrado
nunha memoria póstuma
na estación das camelias que suceden á morte
onde a luz é certeza

Mar insumiso da desesperanza
cómplice do abandono coma unha ave difundida no vento
Querías ver o mar en estado de fuga
o seu latir en tempos de infortunio

Buscabas a razón do teu destino
Na chuvia
Nos últimos navíos
No pacto das palabras
Nun aquel de escritura xa en quebranto
No vacío das cousas
No seu valeiro existencial e mudo

Ollabas no cuaderno perdido de páxinas marelas
Na exigua permanencia das horas favorables
Na radical soidade
Na radical soidade
Na radical soidade coma un eco
Na radical soidade coma un oco

CARRIL

CARRIL

En efecto, o mar sería o seu amor predilecto. Cara á ría de Arousa, Rosalía arelaba os espacios atlánticos para alentar co cosmos. Achegarse ó absoluto. Dispoñer os adeuses coma un rito. Entrar de forma ritual no espacio místico precedente da morte. Trataríase dunha viaxe iniciática. Procurar un estado de gracia nun renunciamento para agardar ó tránsito. Ela sabería que camiñar cara á Oeste viña a ser unha peregrinación cara á morte. Ver o mar. Ver a morte de preto. Sintonizar con ela. Meditar na traxectoria solar de Este a Oeste que levamos en nós para nacer á luz.

Para concertar a derradeira cita coas ondas neste descenso á beiramar, ofrecíanselle dous lugares ben próximos, Vilagarcía e Carril. Rosalía escolle o seu acougo neste porto mariñeiro e baixa desde Padrón nun tren mínimo seguindo o curso do Ulla. Neste tempo era Carril un centro activo. Informa García Martí, biógrafo de Rosalía, que era o lugar de encontro dos emigrantes galegos ás Américas e dos que regresaban á patria. ¿Non reviviría alí Rosalía toda a dramática peripecia humana, que ela tiña inmortalizado con solidariedade e paixón?

Chegarían ó seu balcón cheiros de marusia. Horizontes en vela. A delicada brétema dos menceres que semella un cendal. Velas brancas. Gueivotas ó vixío. A teimosía das cantigas dos mariñeiros pola noite. Toda a vida do peirao chegaríalle coas últimas raiolas de esperanza. Cos sinais misteriosos dun mar amado e insumiso.

Non todo sería contemplación. Apenas saía de casa pero era moi visitada. Polas tardes, de vagariño, subía ata igrexa a parolar co parroco don José María, en diálogos distendidos. Na despedida de Carril, levárona á estación por mar, nunha barca como agasallo, desbotando a carruaxe que facía normalmente este traxecto. ¿Non habería que ver tamén, nesta navegación real a travesía simbólica do alén?

¿Era o mar a escritura
que non revela a luz?

Eu ben sei que chorabas polo mar coma a vida
Pero o mar non revela o seu misterio
Era a conciencia cómplice do quebranto

¿Era o mar unha fábula anónima
Unha flor ignorada en resposta
a un anhelo infinito?

Tal vez chegou o mar
ata os pés dos que dicen amor no mes de abril
Pero ti non estabas

¿Tiña o mar a lisura dunha páxina nova
na escritura da vida?

Partían sombras mudas
Sombras de alguén que fuxe de si mesmo

¿Era o mar a existencia?
¿o amor?
¿A flor ferida da inocencia?

As aves imprevistas dos anceios
fuxían sobre un mar imposible sen retorno
sempre de cara ó mar

Ten dito Rilke nos *Sonetos de Orfeo*:

Adianta o adeus coma si estivese
detras de ti, coma o inverno que nos deixa

Así tamén Rosalía deixou entrar a morte no 15 de xullo do ano xubilar de 1855 na casa da Matanza en Padrón. Iba o inverno xa ben lonxe. Estaba o verán turxente. A moribunda lembraríase daqueles versos mesmo premonitorios:

Sintiéndose acabar con el estío
la deshauciada enferma,
-¡Moriré en el otoño!-
pensó entre melancólica y contenta,
y sentiré rodar sobre mi tumba
las hojas también muertas.

Mas... ni la muerte complacer la quiso,
cruel también con ella:
Perdonóle la vida en el invierno,
y cuando todo renacía en la tierra
la mató lentamente, entre los himnos
alegres de la hermosa primavera.

Agonizaba Rosalía. Campás, prantos, miserere. O Santo Viático polas rúas de Padrón. Despois da Santa Unción, inda conserva Rosalía aquel humor galaico que coñeceron os seus: Bromeaba con ir a Santiago a gañar o Xubileo. Despois coa alma xa a voar perdía á filla Alexandra: “Abre esa ventá que quero ver o mar”. ¿Era a Divinidade ese mar tan buscado? De cara ó infinito, aquel corpo magoado, tan amado dos seus, era o revestimento dun froito aínda novo batido polo vento. Pedíu tamén aquel ramiño de pensamentos -a flor romántica preferida- que aínda conservará hoxe en día un alento inmorredoiro. Este acougo expirou.

O cemiterio de Adina, dos olivos escuros e o chan de herbas e flores, acolleu a Rosalía con amor. Alí descansaba a nai.

Xuntos de novo aqueles corpos, tan magoados en vida, comprirían o círculo da existencia ata o traslado tan polémico dos restos da nosa Cantora, ó Panteón de Homes

Ilustres en Santo Domingo de Bonaval en Compostela, onde deixo eu a miña homenaxe derradeira:

“A Bonaval quero eu miña señor ir”
A conversar contigo sobre a luz e outras cousas

En Bonaval hei deixar unha luz sempre viva
Unha luciña acesa moi humilde
cando chegue o momento de rendir a memoria
nos límites sombrizos

Durmes en Compostela
No lugar meditado que purifica o tedio
Esquecida dos días na herdanza do infortunio
Agora en altas torres
Acollida no ritmo das pasadas unánimes
    Na tarefa gloriosa
    de preservar as verbas da memoria escindida

En Bonaval hei deixar un ramallo de lilas
Unha lívida chama nos altares
Quero restituir as páxinas borradas pola morte

Ben sei que sentirei como un agoiro de algo
Como un anhelo infuso
Como un salmo
Talvez un non sei que se chama saudade
Radical desamparo
Sombras do Paraíso

En Bonaval veño a pensar en ti
para sentir a vida que abonda nunha bágoa

Nunha palabra xusta
Un salmo
Unha pregaria

Fai tempo que convives nun diálogo sen verbas
Eu asumo memorias da identidade nosa
Coma bosques de alisos
Coma fontes
Como unha sombra vaga que vaga en desacougo
Coma a noite esvaída no lenzo fuxitivo
dunha igrexa de aldea...

Agora heite seguir nos días que nos marcan
Nunha cruz
Nunha rosa
Nunha pedra luída polo tempo
Nas consignas da morte nas orelas do Sar
Nun aquel de sabencia ou de penumbra
No destino das almas que traspasan a luz
Na pobreza dos débiles

Ti ben sabías deso
E foi a soidade para ti unha segunda patria

En Bonaval quero deixar pequenos reiseñores
Un algo de porfía

EPÍLOGO
O NOME DA ROSA

Digo o nome da Rosa
e revélase a vida
aspiro a luz
e fíreme a saudade

Evócote
e achégase á memoria
unha presencia murcha
Unha imaxe curvada
Un corpo metafísico

Se te penso
Achégaseme á alma
un delirio inclemente
Unha penumbra mesta
Unha conciencia exánime

Aspiro o aire
e sinto unha fragancia aceda
O sonido dunha harpa
As camelias do pazo

Digo o teu nome
e pónseme nos labios unha fábula en sombras
Pequenos reiseñores
Unha rosa ferida
Fragmentos de amargura

Toda ti
coma urxencia de consumar a morte

Non te furten -raíña- o teu nome de Rosa
nin a lei dos silencios feridos que dominas

Era o nome unha flor que non se extingue
Era cruel a palabra que maceraba en corpo de infortunio

Era o gozo inocente do verbo que permite
chorar en silencio
A Rosa resignada que ningún sabe presentir

Non te furten -Raíña- ese alento dos labios que modulan
Non te furten o impulso das sílabas versais

A iteración divina que se imprime no nome da Rosa
O tránsito dos números que respiran en flor coma o Sar
cando nace

Era a palabra un diapasón no naufraxio da noite
A Rosa Rosa Rosa
que da tempero á alma

Conciencia que se cumple nun designio de nomes e auroras
Potestade da flor que morre en tempo irreversible

Dixen.

Luz Pozo Garza
A Coruña, 1996

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS ALONSO MONTERO

Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega, señora e señores académicos, miñas donas e meus señores:

Teño o honor, o alto e delicado honor, de recibir, na nosa Corporación, como académica numeraria, a dona Luz Pozo Garza, unha voz ilustre na poesía de Galicia desde 1949, data de *Ánfora*, o seu primeiro libro. Concebida, inicialmente, a nosa Academia coma unha institución poligráfica, cómpre aclarar, sen embargo, que a Lingua de Galicia e a súa Literatura teñen estado moi presentes en non poucos momentos do acontecer académico, especialmente nos últimos anos, mercé, en boa parte, a unha disposición da Lei de Normalización Lingüística. Hai noventa anos, don Manuel Murguía, no acto inaugural da nosa Corporación, afirmou, aínda que en castelán "pobo que esquece a súa lingua é un pobo que non se pertence". Por se fose pouco, os verdadeiros impulsores da nosa Institución, a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, creada na Habana en 1905 por Curros Enríquez, Fontenla Leal e outros beneméritos patriotas da nosa cultura, manifestaron desde un comezo, con claridade sempre, que as primeiras tarefas da nosa Institución terían como asunto central o estudio e a codificación do noso idioma. Así pois, se hai, no noso país, unha Casa da Palabra, esta Casa é a Real Academia Galega, dito sexa cos debidos recoñecementos ó extraordinario labor investigador do Instituto da Lingua Galega, sempre disposto, por outra parte, a ofrece-lo seu saber e os seus riquísimos arquivos ás publicacións da nosa Corporación.

De tódolos xeitos, cómpre ter en conta que no seo da nosa Institución téñense dado cita o lexicógrafo e o narrador, o ensaísta e o historiador da literatura, o paremiólogo e o dramaturgo, o traductor dos clásicos e o poeta... Nestes encontros, o poeta, que, ás veces, non domina as técnicas das disciplinas filolóxicas, é quen posúe o verdadeiro nome das cousas, o nome como signo revelador e iluminador da realidade fonda das cousas.

Nestes noventa anos de historia a Academia acolleu importantes voces da nosa poesía (algún lapsus á parte). Así ten sido de 1906 a 1996: de Eduardo Pondal a Salvador García-Bodaño.

Hoxe, 29 de novembro de 1996, entra, de novo, na Casa da Palabra, a palabra dun poeta, a palabra e a voz dunha gran poeta: a de Luz Pozo Garza, quen, adolescente aínda, xa engaiolaba a un crítico, a Dionisio Gamallo Fierros, recitando en latín, con dicción clásica, as mellores odas de Horacio. Moi nova aínda Luz Pozo, a nosa institución nomeábaa académica correspondente. Foi en 1950, un ano despois da publicación do seu primeiro libro.

***

Non é tarefa deste discurso preceptivo facer un estudio pormenorizado da biografía literaria de Luz Pozo, unha biografía que conta, desde 1949, cunha bibliografía que esixiría, máis que un discurso académico, un tratado de considerable extensión. Este estudio, en boa parte, felizmente, está feito, e está feito por dúas atentas estudiosas do discurso literario feminino, Carmen Blanco e Carmen Panero. Hai, femininas ou non, outras páxinas críticas valiosas. Cómpre subliñar que unha boa parte destes estudios son froito da presencia dun libro de Luz Pozo, *Códice Calixtino*, nas aulas. Así pois, Luz Pozo, en plena febre de creación e traballo, é xa un autor clásico, autora dun libro que se lé e examina, por Lei, na clase, que esa é a condición dos clásicos.

Luz Pozo Garza, como poeta en idioma galega, estréase, ata onde eu sei, en 1952, ano no que edita *O paxaro na boca*, opúsculo que inaugura a entrañable Colección Xistral, coidada en Lugo, con man de poeta e de artista, por Ánxel Xohán, que foi pintor e poeta. É un libro fermoso con algúns poemas de amor -de amor auténtico- que preludian outras páxinas poéticas súas non menos auténticas e fermosas. Lembremos, aínda que de pasada, que Luz Pozo figura, coa delicadez, a cultura e a autenticidade da súa voz, entre os importantes poetas galegos que cantaron o amor, esa musa que lle inspirou, entre outros, este verso de ouro: “E déitate no chan a rematar a música”. Pertence a un poema, “Badía de Vigo”, protagonizado, sen mencionalo, por Eduardo Moreiras, escritor a quen Luz Pozo Garza, este singular pentasílabo da nosa poesía, inspirou notables páxinas literarias.

A *Paxaro na boca*, publicado nun tempo de escasísimos libros en lingua galega, non se lle ten feito a debida xustiza. Máis xusta ten sido a crítica con *Concerto de outono*, de 1981, co citado *Códice Calixtino*, de 1986, e con *Prometo a flor de loto*, de 1992.

Na biografía de Luz Pozo como lectora e como poeta hai, polo menos desde 1971, unha devoción, unha fonda devoción: Rosalía de Castro, atracción sempre, paixón constante. En 1971 publicou na revista *Grial* ese pentaedro literario que titulou "Poema en cinco lembranzas pra Rosalía", poemas que, dez anos despois, acolle nun capítulo do seu libro *Concerto de outono* co título "Verbas a Rosalía". En realidade, o devocionario rosaliano de 1981 non reproduce totalmente o de 1971: coincide en catro textos ("Hai unha voz", "Benzoada", "Biografía" e "Cantiga funeral de Padrón"), non acolle un poema ("Orelas da soedade") e engade dúas composicións ("Bébeda" e "Preguntas a Rosalía").

Luz Pozo, o ser humano Luz Pozo, que, a cotío, bebe na fonte de Rosalía -na fonte desacougante dos versos de Rosalía- en 1981 é fiel é súa incursión de 1971 pero hai novas visións e, mesmo, algúns matices novos nos versos de onte. Así,

> Hai unha voz
> no tempo de Galicia.
>
> [...]
>
> Chámase berro de auga.
> Desamparo.

convértese en

> Hai unha voz
> no tempo de Galicia.
>
> [...]
>
> Chámase berro, auga,
> desarrimo.

"Desarrimo" ou "desamparo", "berro de auga" ou "berro, auga", Luz Pozo, que visita unha e outra vez o tempo remoto e sen fondo no que habitan os versos de Rosalía, regresa de cada peregrinaxe sempre coa mesma conturbada sensación, chámese esta "desamparo" ou "desarrimo".

Catro anos despois de *Concerto de outono*, Luz Pozo escribe a composición "Falando a Rosalía", que ela mesma leu en Vigo nun acto de homenaxe á Cantora que eu organizara. Nese mesmo ano publicouse por primeira vez o poema na escolma *Coroa poética para Rosalía de Castro*, e será en 1986 cando a autora a recolla en *Códice*

Calixtino. O poema, por representativo da autora, suscitaría en 1992 un demorado ensaio analítico da profesora Carmen Blanco.

Hai outras actividades literarias de Luz Pozo nas que Rosalía e a súa obra están presentes. Un número de 1975 de *Nordés*, revista cofundada e codirixida por ela, titúlase *Homenaxe a Rosalía.* Tamén Rosalía de Castro está presente no libro que Luz Pozo titulou *A bordo de Barco sin luces ou o mundo poético de Luis Pimentel*, de 1990. Non podía ser doutro modo, se temos noticia dos extraordinarios poemas rosalianos do gran poeta lugués e da devoción que Luz Pozo sentía e sente pola súa obra literaria. Por outra parte, creo que foron os poemas rosalianos de Pimentel os que, en non pequena medida, suscitaron o interese de Luz Pozo polas páxinas de Rosalía.

Rebus sic stantibus, non pode sorprender que no día de hoxe a autora de "Verbas a Rosalía" e de "Falando a Rosalía" nos ofreza un discurso académico titulado *Diálogos con Rosalía.* Rosalía de Castro xa foi tema central de discursos de ingreso na nosa Corporación: ademáis do "non lido" de Francisco Herrera Garrido, o de Otero Pedrayo en 1929, o de Victoriano Taibo en 1948 e o de Carballo Calero en 1958. Ningún destes discursos ofrece a orixinalidade formal do que hoxe nos convoca aquí. No discurso da nosa académica as páxinas en prosa son escasas, moi escasas, e nel o que conta, pesa e vale son as páxinas en verso, os poemas que certas páxinas da obra pero, tamén, da vida de Rosalía provocaron na pluma de Luz Pozo. Non é -quero aclaralo-, un discurso en verso como aquel co que ingresou José Zorrilla na Academia Española en 1882. A singularidade do discurso de hoxe consiste no feito de que se trata dunha interpretación de Rosalía feita, non desde as premisas discursivas do ensaio ou das técnicas da crítica, senón desde os enunciados da mesma poesía. Rosalía xa dictara poemas, moi importantes poemas, a poetas da entidade de Curros Enríquez, Miguel de Unamuno, Ramón Cabanillas, Teixeira de Pascoaes, Luis Pimentel, García Lorca, Gerardo Diego, Salvador Espriu ou José Angel Valente, poemas que son incursións en certas parcelas do vivir e do escribir de Rosalía de Castro, pero o discurso de hoxe está constituído por unha lección de máis de mil versos nos que a súa autora se asoma, conturbada e inquisitiva, ás máis importantes incógnitas do existir de Rosalía e ás súas páxinas máis vencelladas ó misterio, ó desacougo radical e ás fondas feridas da existencia.

Hai tempo que creo que as mellores páxinas para entender a un gran poeta non son as da crítica -académica ou extraacadémica- senón as dos mesmos poetas, que, exercendo como tales, dialogan cun gran poeta. Esa é a razón pola que, en 1985, reunín,

co título *Coroa poética para Rosalía de Castro*, cincuenta poemas significativos de distintos idiomas, tempos e modos. No discurso da nosa académica, entre poema e poema -trinta, quizais- aparece a prosa de Luz Pozo como simple e breve nexo, se ben algunha vez a nosa autora esténdese algo máis para esquematiza-lo episodio biográfico ou poético sobre o que se vai pronunciar desde a instancia literaria dun poema.

Luz Pozo, como tódolos grandes poetas que se pronunciaron, desde a instancia da poesía, sobre un poeta grande, achéganos con máis eficacia que os críticos á voz e ó universo deses poetas egrexios, neste caso o universo literario desa voz fonda, desacougante, atormentada, auroral, solidaria, orfa e reveladora que se chamou Rosalía de Castro.

Ás veces témo-la impresión de que esta voz humana tan rica e poéticamente tan fonda estaba á espera dun lector que nola explicase, non cos recursos habituais da crítica, senón coa ferramenta iluminadora da poesía. Ese lector, esa lectora é, hoxe por hoxe, Luz Pozo Garza con estes apaixonados e iluminadores *Diálogos con Rosalía*, primeiro discurso académico escrito nese código que só é privilexio dos poetas.

Unha gran poeta de hoxe dialoga con Rosalía de Castro, gran poeta de onte e de sempre. Da man de Luz Pozo achegámonos todos a unha Rosalía que é -na terminoloxía de Jung- “a nosa precondición”, pois “dela herdamos o misterio da vida e acudimos a ela para facela partícipe das nosas confidencias”; Luz Pozo refírenos que, nena aínda, xa percibía en Rosalía as “ondas da existencia, emblema dos naufraxios”, palabras estas, como aclara a nosa académica, que recordan unha expresión, “naufraxio vital”, de Domingo García-Sabell, o noso presidente; é neste discurso onde Luz Pozo aborda, nun sorprendente poema, “o bautizo clandestino” daquela meniña nacida o 24 de febreiro de 1837 nunha hora en que “ían medrando sombras mestas”; e tamén neste discurso Luz Pozo glosa nun poema aquel, extraordinario, de Rosalía “Ladraban contra min, que camiñaba/ cásique sin alento”, e faino, Luz Pozo, afirmando que Rosalía estaba “tan mergullada na conciencia da mágoa”.

Nestas e noutras páxinas Luz Pozo viaxa polo territorio íntimo da vida e da poesía de Rosalía con palabras que nos achegan á súa radicalidade porque a canción é sempre o relato máis verdadeiro dese acontecer humano que está mergullado nas esencialidades da existencia, unha existencia tantas veces atravesada polo fío duro da traxedia.

Hoxe, 29 de novembro de 1996, ingresa na Real Academia Galega, na Casa da Palabra, unha poeta que bebe, a cotío, na fronte limpa e nutrida de Rosalía de Castro, da Rosalía que en 1863 publicou un libro auroral para a historia da nosa Palabra. Hoxe, da man de Luz Pozo, visítanos Rosalía de Castro, a Cantaora por antonomasia, ela que, desde o seu mausoleo de Bonaval, dicta desde hai máis de cen anos, en todo momento, a lección das súas mellores páxinas. Rosalía, que hoxe nos visita dun xeito especial, preside espiritualmente, co maxisterio das súas palabras e das súas inquedanzas, calquera institución que estea comprometida a fondo coas inquedanzas e as palabras do noso país. A súa visita hoxe, da man cálida e do verso sabio de Luz Pozo, é un episodio especialmente significativo na historia da nosa Academia, na historia desta Casa da Palabra.

Luz Pozo Garza debe saber que a Real Academia Galega está hoxe de festa.